

THE FLORIDA PROJECT

[Sean Baker, 2017]

344

ESTREA EN NUMAX: 09.02.2018 | V.O.S.E. | +16

The Florida Project (2017, 115')

Dirección: Sean Baker

Guión: Sean Baker, Chris Bergoch

Elenco: Willem Dafoe, Brooklynn Prince, Bria Vinaite, Caleb Landry Jones, Mela Murder, Valeria Cotto, Christopher Rivera, Macon Blair, Sandy Kane, Karren Karagulian

Son: Mark Weber

Montaxe: Sean Baker

Vestuario: Fernando Rodriguez

Dirección de arte: Alexandra Tibbe

Música: Lorne Balfé

Fotografía: Alexis Zabe

Produtoras: Cre Film, Freestyle Picture Company,

June Pictures (Estados Unidos)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP4K, 1.85:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Tangerine, 2015

Starlet, 2012

Prince of Broadway, 2008

Take Out, 2004

Four Letter Words, 2000

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2018 (Nomeado a mellor actor de reparto —Willem Dafoe—), BAFTA 2017 (Nomeado a mellor actor secundario —Willem Dafoe—), American Film Institute (Top 10 mellores filmes do ano), Gotham 2017 (Nomeado a mellor filme, actor, actriz novel e premio do público)

SINOPSE

Moonee soña con ir a Disneylandia, pero o máis preto que estivo é o motel barato ás aforas de Orlando (Florida), no que vive coa súa nai Halley, de 22 anos: o Magic Castle Motel. O máis parecido que Moonee ten a un pai é o xerente do motel, un home cauto e dilixente. Halley perdeu o seu traballo, e unha nena acaba de mudarse ao motel do lado. Promete ser un verán inesquecível.

«Baker ten un don para encontrar beleza en individuos desamparados, e tamén para amosar a amizade feminina»

David Rooney,
THE HOLLYWOOD REPORTER



“Era importante que a xente non vise unha estrela do pop na pantalla”

Entrevista con Sean Baker

Por Alexander Hakimi

Bria Vinaite, Halley, a nai de Moonee no filme, non tiña experiencia como actriz antes do filme. Céntame do proceso de busca para este papel. De primeiras pensamos nun casting convencional de Hollywood. Todos os nomes nos que estás pensando estiveron enriba da mesa, pero atopei a súa conta de Instagram [a de Bria] por accidente. Alguén compartira un dos seus posts, e tamén había un vídeo. Fíxome rir, era enérxica, xuvenil, autocrítica. Estaba enfadada consigo mesma e non tiña problemas de confianza. Pregunteime se sería quen de actuar diante dunha cámara. Pregunteille aos produtores se nos darían a oportunidade de levala a Orlando a actuar coas nenas. O equipo de produción estaba preocupado, pero deixárona ir. Leu coas nenas e abriuse a porta. Era perfecta para o papel e o personaxe. Un personaxe cunha cara nova fai que o público se meta na súa historia moito máis axiña. Era importante que a xente non vise unha estrela do pop na pantalla.

Hai tres nenas cun papel bastante principal neste filme, á parte doutros nenos. Brooklynn Prince, que fai da protagonista, Monee, está petando ás portas do Oscar con sete anos. Tes intención de traballar con ela no futuro? Nunca se sabe. Non teño nin idea de se no meu próximo filme haberá nenas. Podería

traballar con ela durante os próximos trinta anos, de chegar eu aló. Está na liga de Mickey Rooney e Jodie Foster: nenos nados para actuar, cunha brillante carreira por diante.

Nunha entrevista comparaches a Moonee con Spanky McFarland de *La pandilla* (Robert F. McGowan, 1922). Inspiráchesse nesta serie? Sempre fago acenos a *La pandilla* nos meus filmes. Se viches esas curtas, notaralo. No filme, cando Moonee intercambia lambetadas nunha árbore coa súa amiga Jancey, interpretada por Valeria Cotto, di: «Parece que che sabe, ou?» E Jancey responde: «É a mellor lambetada que comín nunca». Isto foi collido directamente de *La pandilla*. *La pandilla* era unha serie de curtas cómicas feitas para lidar coa Gran Depresión. Moita xente vivía na pobreza, e nesta serie amosábanse as aventuras duns nenos. O concepto, a proposta, resoan nos meus filmes.

Hai unha escena que ten lugar no Magic Kingdom actual, en Disney World. Precisaches permiso para gravar alí? Non. Gravamos clandestinamente con iPhones.

Creo que hai moito sentido do humor cando os Servizos de Protección de Menores perden a Moonee. Chama a atención como unha institución governamental aparentemente amábel sementa o caos en vez de tranquilizar. Hai moitos xeitos de ver o final. É subxectivo. Algunha xente que a viu di que é algo terríbel que unha nena sexa apartada da súa nai, que está nunha situación precaria e que se cadra non coñeceu un xeito de vida mellor. Outros din que grazas a Deus a nai non ten habilidades maternas. O final ten que ver coa busca de empatía. Os

Servizos de Protección de Menores fan o que teñen que facer. Pero o meu obxectivo é que a xente se poña na pel de Halley. Tivo a Moonee aos 15 anos, non puido medrar, non tivo apoio dos seus pais, nin educación. O sistema está configurado de tal xeito que Halley é incapaz de atopar un lugar onde estar a salvo. Ten antecedentes penais, está no paro, que vai facer? Se cando menos a xente pode empatizar con ela e a súa situación, logrei algo polo menos.

Hai momentos escuros no filme, como o incendio provocado polos nenos na escena do pederasta que anda vagando pola propiedade. Gustaríame oírte falar do proceso de busca para o filme e tamén do que te levou a falar do senfogarismo. Fixemos entrevistas a residentes, pequenos empresarios e axentes dos Servizos Sociais. A escena do pederasta está moi arraigada na realidade. Algo que nos fixo seguir adiante con esta idea foi que falando cos residentes e lendo artigos, dise que cada vez había máis pedofilia porque os nenos andan por aí. Hai delincuentes sexuais que viven nos moteis onde viven os nenos. Así que era algo que tiñamos que abordar.

Vendo que os teus filmes tocan as comunidades marxinadas, teño curiosidade por saber se practicas o activismo social alén do cinema. Desexo incidir na política con este filme. Traballo en The Community Hope Center, en Orlando. Trato de axudarlles a conseguir unha vivenda absequible de seu. O meu obxectivo é apoialos e que consigan financiamento por parte da administración local e estatal.

Publicado en www.papermag.com
Tradución: Olalla Cociña

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

**Abónate
e ven sempre
por 4,5€**

**Faite
NUMAX!**